

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 26-09-2025, ditou a resolución con número 2808/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS DURANTE O ANO 2025.

Primeiro.- Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 19 de maio de 2024 foron aprobadas as "*Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2025*", e as "*Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades extraordinarias durante o ano 2025*".

Segundo.- Foi publicada a convocatoria no Bop da provincia de A Coruña nº 97, do 23 de maio de 2025, e o correspondente extracto relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións no Bop da provincia de A Coruña nº 102, de 30 de maio de 2025, e rematou o prazo de presentación de solicitudes o 1 de xullo de 2025.

Terceiro.- A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria, e cumpren cos requisitos establecidos nela.

Cuarto.- De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 2754/2025 do 23 de setembro, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 26 de setembro de 2025.

Quinto.- Consta no expediente o informe do Técnico de Deportes.

Vistos os antecedentes sinalados, así como as disposicións legais de aplicación,

PROPONSE:

Primeiro.- Non admitir as solicitudes que se relacionan no Anexo 1, polos motivos que se indican.

Segundo.- Incrementar os importes globais correspondentes ás "Bases específicas da convocatoria de subvencións para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades extraordinarias durante o ano 2025", por importe de 1.000,00 € acadando así un importe global de 13.000,00 €, visto que unha vez resolta con anterioridade a "Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2025" non se acadou o gasto máximo previsto existindo un importe excedente de 9.937,50 €, e prevendo as bases das convocatorias que o importe do crédito destinado ás mesmas, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria respectando os límites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2206, do 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A intervención municipal realizará os oportunos trámites.

Terceiro.- Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2025 ás entidades que se relaciona no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total proposto de 13.000,00 €. Tal e como establecen as bases a resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

Cuarto.- Publicar a presente resolución de concesión provisional no Taboleiro de Anuncios do Concello de Carballo, que se entenderá notificada aos interesados de acordo co artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Quinto.- Conceder un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Anexo 1.- Subvencións concedidas para para o financiamento de financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2025. Non Admitidas.

Subvencións concedidas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2.025. Non Admitidas.				
Nº	Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos Importe Solicitado Orzamento mínimo a xustificar
1	Escola Basket Xiria	G70045844	2º Clinic Concello de Carballo AdestRADores de Basket	Non admitida por ser beneficiario de subvención directa municipal para organización de eventos deportivos durante 2025. (base específica 3.3)

Anexo 2.- Subvencións concedidas para para o financiamento de financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2025. Concesión Provisional.

Subvencións concedidas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2.025. Concesión Provisional.						
Nº	Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	Orzamento mínimo a xustificar
1	Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	III Memorial Pedro Luis Fernández	56,99	1.500,00 €	3.160,00 €
2	Club Ciclista Monteneme	G15861271	XXI Marcha Costa da Morte	79,77	1.500,00 €	9.500,00 €
3	Club Fútbol Cances	G13784384	Torneo internacional Veteranos Costa da Morte	57,27	1.500,00 €	3.000,00 €
4	Club Rítmica Carballo	G13716360	I Torneo Club Rítmica Carballo	45,00	1.221,00 €	2.035,01 €
5	Club Rítmica Carballo	G13716360	III Gala Nadal Rítmica Carballo	33,92	920,36 €	1.533,94 €
6	Club Rítmica Pangea Carballo	G56150816	Festival de Inverno Ximnasia Rítmica	35,03	600,00 €	865,00 €

Subvencións concedidas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2.025. Concesión Provisional.

Nº	Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	Orzamento mínimo a xustificar
7	Club Xadrez O Toque Xiria Carballo	G70072582	II Torneo Escolar Concello de Carballo	45,03	1.000,00 €	1.575,00 €
8	Club Xadrez O Toque Xiria Carballo	G70072582	VIII Aberto Concello de Carballo Clásico	50,95	1.382,45 €	2.764,90 €
9	Judo Club Bergantiños	G70457411	Campionato do Nadal 2025 Judo Club Bergantiños	55,14	1.496,14 €	2.850,64 €
10	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	XXIX Memorial Carlos Servando	53,81	1.460,05 €	2.207,86 €
11	S.D. Oza	G70597760	5º Triangular SD Oza	37,21	420,00 €	720,00 €
			Total		13.000,00 €	

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria
Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretario
Marina Núñez Orjales